

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de marzo de 2022**

Ás 17.00 horas do día 17 de marzo de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE FEBREIRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de febreiro de 2022.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 17 de febreiro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A DESCENTRALIZACIÓN DE ÓRGANOS DA XUNTA DE GALICIA NA PROVINCIA DE OURENSE.-

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, dá lectura ao contido da moción. Indica que contén unha solicitude sobre a discriminación positiva para a cidade de Ourense e o reequilibrio da Galicia interior, tanto a nivel da Administración Central como autonómica. Engade que a súa proposta é que se teñan en conta as provincias do interior, ante o reto demográfico e que hai organismos que se poden implantar, non só na capitalidade, senón na provincia de Ourense.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, di que fai unha reserva de voto ata o día do Pleno para poder investigar máis sobre este tema e poder dar a súa opinión o día do Pleno.

D. Bernardo Varela López, do BNG, fai reserva de voto, pero adianta que está de acordo con esta proposta. Engade que estamos nun estado e nunha autonomía centralista. Pon como exemplo que o museo naval de España ou o Instituto Oceanográfico que están en Madrid. Sen embargo moitos dos entes da Unión Europea están en distintas cidades de distintos países, así ocorre coa Presidencia e o Parlamento Europeo que están en lugares diferentes. Nun estado plurinacional iso debería ter en conta. Di que inicialmente as Consellerías non estaban centralizadas en Santiago, e na actualidade si, seguindo un modelo centralista. Considera que é algo que hai que valorar, e esta iniciativa é benvida porque pode xerar riqueza.

A **Sra. presidenta** sinala que é un debate que merece a súa reflexión e fan reserva de opinión e voto para o Pleno.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, matiza que o debate xa se empezou a producir, e a resiliencias tamén. Ignora se se conseguirá a descentralización en parte a nivel do Estado. A nivel galego aínda non se iniciou pero o debate non se debe producir a nivel Vigo ou Coruña, e considera que as provincias do interior, Ourense e Lugo, non deben ser residuais

como sucede na actualidade coas infraestruturas. Remata sinalando que espera contar no Pleno co apoio dos distintos grupos políticos.

D. Bernardo Varela López, do BNG, di que ten claro que o AVE non pasaría por Ourense se non lle quedara máis remedio para chegar á Galicia atlántica, e pasa por aquí porque non hai forma de obviarnos. Engade que Portugal quere sacar o AVE por Vigo e sen embargo Madrid está empeñado en sacalo por Estremadura para centralizalo alí. E un debate que debemos facer. A Consellería de Pesca tamén está en Santiago.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Instar ao goberno da Xunta a que acometa políticas activas de descentralización de actividades administrativas e infraestruturas públicas no marco de reto demográfico, coa finalidade de fixar poboación e impulsar a economía, instalando en Ourense a sede de órganos da administración galega ou das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia.

2. Instar ao Goberno de España a afondar nas políticas activas de descentralización de actividades administrativas e infraestruturas públicas, instalando en Ourense a sede de organismos da Administración Xeral do Estado ou das súas entidades adscritas ou dependentes, no marco de reto demográfico, coa finalidade de fixar poboación e impulsar a economía.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta sobre a valoración do I Plan de Igualdade finalizado no mes de decembro e quere saber en que punto está, xa que entende que será necesario ese documento para proceder a elaboración do II Plan de Igualdade.

A Sra. presidenta responde que, como indicou na comisión pasada, está en elaboración o informe final da valoración do primeiro Plan e está en marcha o estudo da contratación do II Plan.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta sobre todas as xestións que se están facendo dende a Deputación e a coordinación co resto dos concellos da provincia de Ourense sobre o traballo a favor dos refuxiados de Ucraína.

A Sra. presidenta responde que a Deputación, en relación cos concellos, indica que se remitiu unha carta a todos e se puxo, dende a área de Benestar, un correo electrónico e un número de teléfono para coordinar todo o material que se está recollendo pola provincia e se poida clasificar e almacenar na nosas instalacións do noso parque de Maquinaria da Deputación de Ourense. Recíbense tamén chamadas nese número de teléfono de particulares que ofrecen recursos habitacionais. Nos estaban a chamar moitas persoas preguntando desde finais de febreiro que estalou a guerra en Ucraína. Ante a postura de perfil que mantivo o Goberno, e ante o labor dos voluntarios de ir buscar refuxiados, habilitamos a recollida de material. Por iso se fixo a coordinación da recollida de material humanitario. Dende a cidade termal de Polonia Ladek-Zdroj que forma parte da asociación de cidades históricas termais de Europa, que preside o noso presidente e da que Ourense forma parte, pedíronos axuda humanitaria. O Concello de Ourense estaba recollendo os donativos que facían as persoas e almacenando en distintos locais, e ante os problemas de espazo, creouse un centro loxístico e tamén se ofreceron as instalacións do Paco Paz. E así canalizar as chamadas de particulares e consultas de concellos e facer unha base de datos. A Xunta, FEGAMP e a Subdelegación do Goberno están coordinando os refuxiados que veñen. Nós creamos un centro almacenamento e clasificación. O vindeiro luns sairá un primeiro camión, coordinado a través da Asociación Galega de Axuda a Ucraína, coa primeira recollida que se fixo na cidade. Sairá un segundo camión nos próximos días, estamos esperando a enchelo, e queda moi pouco. Iso nesta primeira fase.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, indica que todos vemos a crise humanitaria que se está a producir e vemos as persoas que saen sen nada e nós entregámonos prestando a nosa axuda, como podemos, pero cre que se fai dun modo descoordinado e así o transmiten as ONG. Estamos enviando material que non é necesario e esquecémonos de material que si se precisa. Considera que debería haber máis coordinación, e a Deputación debería coordinar. Considera que os concellos pode que non o estean facendo ben. Non se trata de ir buscar por ir, hai que facelo de xeito coordinado e que veñan con todas as garantías posibles e que teñan unha permanencia garantida. Os concellos, incluído o de Barbadás, facémolo coa mellor intención pero non correctamente. Engade que alguén, que podería ser a Deputación, podería coordinarse con outros organismos superiores Subdelegación, Ministerio para coordinar todas as axudas dos distintos colectivos, concellos e asociacións.

A Sra. presidenta insiste que están a facer a coordinación de axuda humanitaria e que se está recollendo dende a cidade e se está almacenando; e o material que se precisa é o que figura nas circulares remitidas. Engade que non almacenamos nada que non se solicite e temos un listado moi concreto. Di que se falou coas organizacións internacionais banco de alimentos, Cruz Vermella... e que traballaban niso e que nos aconsellan. Sobre as persoas que veñen, indica que hai unha directriz do Ministerio, que chegou un pouco tarde, e que canalizan a todas as persoas. Non temos ningún interese de facer nada que non sexa axudar e coordinar na medida en que os nosos medios nolo permitan. Engade que tamén atendendo as demandas que teñamos, e lembra que falamos de axuda humanitaria. Di que algún concello do seu color agradeceu a colaboración e coordinación que realizan. Recibiuse a carta da FEGAMP, e as entidades internacionais que priorizan que se envíen cartos, xa alí no terreo saben o que máis precisan, pero iso non impide que se nos pida outro tipo de material e a nosa xente ten toda a vontade do mundo e todo o seu dereito, dende as súas posibilidades, a facer as doazóns e nos temos tamén esa obriga moral e ética de recoller esas doazóns e axudar a que cheguen a bo porto. Xa se publicou algún artigo de prensa a nivel nacional, falando de que se faga algún mercado negro coas mercancías que se doan polos cidadáns ás asociacións espontáneas, non coas asociacións internacionais e ONGs que están alí no terreo e que son coñecidas e son as de sempre e que son as que mellor canalizan toda a axuda. Di que vaíamos con calma e atendamos as peticións que nos chegaron, como a de Polonia, e chegará unha segunda parte e será o que se precise para a xente que chegou, e unha vez que salga o material que se requiriu, a xente segue doando e haberá moito material que se poida repartir aos concellos da provincia que acollen neste momento a persoas que veñan de alá.

D. Bernardo Varela López, do BNG, di que hoxe pola mañá lle gustou o que saíu do Concello de Verín e o que debemos trasladarlle á cidadanía que ás veces querendo axudar non se axuda. Hoxe pola mañá nos dicían que non precisan nin roupa nin calzado. Engade que o sistema máis acaído neste momento e o monetario ás organizacións internacionais testadas como UNICEF, Cruz Vermella, e ese é o sistema máis operativo, porque é un investimento directo no territorio. Espera que isto non se prolongue e se mellora a situación a curto prazo non deberíamos desprazar ás familias lonxe do seu territorio para volver ao seu territorio. Haberá moito tempo para axudar, xa que aínda que acabe mañá a guerra, haberá que recompoñer un país que está quedando destruído. Todos teremos oportunidade de actuar e ten que ser algo coordinado, e os medios de comunicación deben facer un papel de mesura, xa

que se fala de separación de familias e de trata. Engade que vota de menos á Unión Europea e aos estados que deben ser os que leven o control de estranxeiría. Un concello non vai resolver unha situación así, ten que vir cunhas directrices de arriba para abaixo. A Unión Europea, moi hábil para moitas cousas, neste tema non o estivo. Roga tamén que, xa que a situación vai ser moi complexa, se estude unha liña de apoio aos concellos, para facerlle fronte á propia xente nosa, xa que haberá que axudar cos recibos da luz que se van acumular, e hoxe xa é un problema grave que se vai afondar. Roga que dende a Deputación se estude unha medida de apoio e respaldo a áreas de servizos sociais municipais para axudar cos pagos de emerxencia e debemos estar para axudar á nosa cidadanía.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indica que recentemente altos dirixentes do partido da presidenta están poñendo en cuestión as políticas sociais e as políticas de igualdade e incluso solicitan a supresión do permiso de maternidade. Pregunta se dende a presidencia se subscriben estas palabras e esta volta atrás en políticas de igualdade e se se intenta abrir ese debate.

A Sra. presidenta indica que ese debate non está aberto en ningún caso e descoñece que ninguén pedira tal barbaridade e dende a Presidencia desta Comisión non se está de acordo co que está insinuando.

E, ás 17.35 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.